

INFORME SAÍDA GALIÑEIRO. 27 MARZO 2023
ALUMNADO DE 4º ESO, 1º BACH E 2º BACH

Guiaron a saída o **profesor e profesoras Laura F. Basalo, Eva Pena, Fran Álvarez e Pura González**. Acompañáronos durante todo o día **persoal traballador da Comunidade de Montes de Vincios**.

Comezamos a excursión nos montes de Vilas, Morgadáns, estudando a rocha granítica e tamén unha formación xeolóxica moi vistosa que se coñece co nome de Lapa da Moura (debido ás lendas asociadas á espectacularidade do lugar), moi preto de alí vimos uns petróglifos no lugar da Fonte da Prata. Visitamos a mina de feldespato que fora explotada na década dos anos sesenta, e a partir de alí collemos unha senda marcada con fitos de pedra que nos levou á cima da serra, o Coto da Zorra. Alí tivemos a sorte de atoparnos cun **experto naturalista** que nos ilustrou sobre a fauna específica deste monte, así como recibir certos datos da serra proporcionados polo **garda vixiante forestal**.

En toda a xornada estivemos acompañados/as dun rabaño de cabras, mostra da explotación de gandeiría extensiva que se fai en Galiñeiro. Vimos a aproveitamentos dos recursos do monte como son as arquetas para as traídas de augas domésticas e as plantacións de piñeiros, eucaliptos, castiñeiros (nalgúns casos micorizados). Non tivemos ocasión de ver as greas de garranos, xa que son cada vez máis escasas en Galiñeiro. Reparámos na vexetación autóctona de carrasqueira a atlántica que está protexida pola Comunidade Europea (carqueixa, carrascos, varias especies de toxos....) e comentamos a presenza neste monte de elementos faunísticos de interese como son o roquero solitario e o corvo camazal entre outros.

Como os elementos minerais son o máis destacado do mundo natural de Galiñeiro intentamos distinguir os dous tipos de rochas metamórficas que alí hai, ortogneis e paragneis, e por suposto o granito explotado nas canteiras artesanais ata hai ben pouco. Debido a que esta serra está pendente dunha futurible explotación de Terras Raras amosámoslle a o alumnado os minerais asociados a eses de interese tecnolóxico.

Os estudantes foron respondendo ás preguntas dun cuestionario que resolvían en equipos onde confluía o alumnado de secundaria co de bacharelato para facer así máis efectiva a convivencia do día. Aparte das observacións que as profesoras e profesor indicabamos, eles e elas tiñan que facen medicións no terreo e tirar as súas conclusións. A orientación nos mapas e a observación da paisaxe foron as actividades máis vistosas pero tamén tiveron que reparar no tipo de rochas e nas formacións pétreas resultado dun clima que no pasado foi moito máis frío que na actualidade. De volta nas aulas, os seguintes días o alumnado tivo que dar conta do aprendido na excursión ás súas respectivas profesoras e profesor.

Durante todo o día tivemos ocasión de ver os impactos que causan as numerosas pistas que surcan o monte, tal como mostran as nosas fotografías, así como a desertización que provocaron os últimos lumes e o destrozo que causan as motos na vexetación autóctona. Pola contra, parece ser que o impacto da explotación eólica parouno a mobilización popular que leva unha década defendendo este monte.

Ao longo do percorrido vimos as distintas marcas de sendeirismo que hai nesta serra, porque, non en van, a primeira ruta de gran percorrido de Galicia (GR) foi marcada por Montañeiros Celtas en Galiñeiro hai uns cincuenta anos.

Xa pola tarde, o **experto Xosé Lois Vilar** ilustrounos a visita aos petróglifos de Auga da Laxe e deunos numerosos datos da toponimia da zona.

O xantar a o aire libre e o paseo compartindo a autobús alumnado de distintos cursos deulle o aire de lecer á xornada.

Para béns a estes rapaces e raparigas que mostraron durante todo o día a súa faciana máis sorrinte!